

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### Presidencia

*Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.*

A rápida evolución económica e tecnolóxica que se vén experimentando en tódolos sectores da produción está incidindo substancialmente no sector artesanán, o que fai necesario que os poderes públicos lle presten maior atención a este, non só mediante a adaptación ás novas tecnoloxías protexendo as súas formas tradicionais de produción, senón tamén estimulando o seu mantemento, protexendo os seus usos e as súas manifestacións e propiciando o autoemprego por se-la artesanía unha parte importante do noso patrimonio. Tendo atribuídas esta Comunidade Autónoma as competencias exclusivas en materia de artesanía, polo artigo 27.17 do Estatuto de autonomía, faise necesario habilitar un marco legal axeitado de actuación para que este sector, de primordial interese para Galicia, acade a importancia social, cultural e económica que lle corresponde.

Consecuentemente, é preciso arbitrar todas cantas medidas sexan necesarias para poder acredita-la calidade dos produtos artesanás da nosa Comunidade Autónoma e asegura-la persistencia e o desenvolvemento das diversas manifestacións artesanais que se consideren de interese, así como establece-la regulación que atenda ás características diferenciais que presente o sector artesán na nosa Comunidade Autónoma.

A presente lei regula e apoia a actividade artesanal na nosa Comunidade Autónoma, ocupándose no seu texto dispositivo de defini-lo obxecto desta e os conceptos básicos de taller artesán, artesán e mestre artesán, á vez que se establece unha clasificación dos grupos artesanais por razón do seu contido principal, regulando cada un deles.

As necesidades formativas do sector serán atendidas mediante o Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

Como punto de enlace entre a Administración autonómica e o sector artesanal créase a Comisión Galega da Artesanía, co fin de acadar-la maior eficacia para o cumprimento desta lei.

Tamén se crea o Rexistro Xeral da Artesanía, que será único e público para toda a Comunidade. Este Rexistro permitirá coñecer con exactitude a dimensión de cada grupo artesanal e calcula-lo alcance da acción administrativa, de xeito que o esforzo da Administración autonómica ampare os profesionais do grupo artesanal respectivo.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º 2. do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de artesanía de Galicia.

### Capítulo I

#### Obxecto e definición

##### Artigo primeiro

a) Promove-la adaptación tecnolóxica actual das actividades artesanais mellorando as condicións de rendibilidade, xestión comercial e competitividade no mercado, velando, ó mesmo tempo, pola calidade da súa produción e eliminando os atrancos que poidan opoñerse ó seu desenvolvemento e mantemento na Comunidade Autónoma galega.

b) Promove-la creación e promoción das canles de comercialización necesarias para acadar que, ademais de se-la actividade artesá socialmente desexable, sexa economicamente rendible.

c) Recupera-las manifestacións artesanais propias de Galicia e procura-lo mantemento das existentes.

d) Fomenta-la creación de novas actividades artesanais.

e) Promocionar e propicia-la formación de artesáns na Comunidade Autónoma de Galicia e o fomento das vocacións persoais, así como a divulgación das técnicas artesanais.

f) Favorece-la accesibilidade do sector artesán ás liñas de crédito preferenciais ou ás subvencións que poida establecer-la Comunidade Autónoma de Galicia, así como fomenta-la implantación de sistemas cooperativos e asociativos.

##### Artigo segundo

1.—Para os efectos da presente lei, terá a consideración de actividade artesanal toda actividade económica que supoña a creación, produción, restauración ou reparación de bens de valor artístico ou popular, así como a prestación de servicios, sempre que estes se presten ou obteñan mediante procesos nos que a intervención persoal constitúe un factor predominante e o produto final sexa de factura individualizada e distinta da propiamente industrial. Esta consideración será recoñecida mediante a inclusión na Sección de Actividades Artesás no Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia.

2.—A condición de artesán ou mestre artesán será acreditada mediante a posesión da carta correspondente.

3.—A cualificación de taller artesán poderáselle outorgar a toda unidade económica na que se realicen actividades artesanais e que reúna as seguintes condicións:

a) Que a actividade desenvolvida teña un carácter preferentemente manual, sen que perda este carácter polo emprego de utensilios e maquinaria auxiliar sempre que se orixine un produto individualizado.

b) Que como responsable da actividade figure un artesán ou un mestre artesán que a dirixa e participe nela.

c) Que a actividade que desenvolva figure rexistrada na Sección de Actividades Artesás do Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia.

d) Que o número de traballadores non familiares empregados con carácter permanente non exceda de dez, excepto os aprendices alumnos.

Excepcionalmente, a Comisión Galega da Artesanía, en atención á natureza da actividade desenvolvida, poderá declarar taller artesán aquel que, aínda superando o número de traballadores establecidos no parágrafo anterior, cumpra os outros requisitos previstos.

e) Tamén poderán gozar da consideración de taller artesán aquelas unidades de carácter cooperativo ou asociativo que se dediquen exclusivamente á comercialización de produtos artesáns, sempre que tódolos integrantes sexan, á súa vez, profesionais de artesanía.

A condición de taller artesán acreditarase mediante a posesión de documento que para tal efecto expedirá a Comisión Galega da Artesanía.

#### Artigo terceiro

A posesión do documento de cualificación ou, se é o caso, da carta de artesán ou mestre artesán, ou a inclusión da actividade na Sección de Actividades Artesás, serán condición necesaria para acollerse a calquera beneficio que a Administración autonómica estableza, e en concreto para os derivados da presente lei.

#### Artigo cuarto

1.—Establécese dentro dos grupos de actividades artesanais a seguinte clasificación por razón do seu contido principal:

- a) Artesanía de carácter tradicional e popular.
- b) Artesanía artística ou de creación.
- c) Artesanía de produción de bens de consumo.
- d) Artesanía de servizos.

2.—No desenvolvemento regulamentario desta lei, cada un destes grupos poderá ser obxecto de tratamento específico e diferenciado.

### Capítulo II

#### Comisión e Rexistro da Artesanía

#### Artigo quinto

Créase a Comisión Galega de Artesanía. A súa composición e o seu funcionamento determinaranse igualmente nas normas de desenvolvemento da presente lei, da que formarán parte a Administración autonómica e mailo sector artesán, e quedará adscrita á Consellería competente en materia de artesanía.

En todo caso, a representación das Administracións e dos artesáns será paritaria e os representantes dos artesáns serano a partes iguais por designación das asociacións artesanais legalmente constituídas e por elección democrática de tódolos artesáns inscritos na Sección correspondente do Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia.

#### Artigo sexto

A Comisión Galega da Artesanía terá as seguintes funcións:

a) Estudiar e propoñer as disposicións reguladoras das condicións necesarias e o procedemento para o outorgamento das cartas de artesán e mestre artesán e da cualificación de taller artesán.

b) Propoñer a inclusión de actividades na Sección de Actividades Artesás.

c) Estudiar e propoñer as normas reguladoras para o outorgamento das certificacións de calidade artesanal e dos seus distintivos.

d) Emitir informe preceptivamente sobre os proxectos de declaración de zonas de interese artesanal.

e) Propoñerlle á Administración autonómica disposicións e actuacións dirixidas ó fomento, protección, promoción e comercialización da artesanía.

#### Artigo sétimo

Créase o Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia adscrito á Dirección Xeral de Industria, que será único, público e gratuito, e que constará das seguintes seccións:

1. Actividades artesás.—O seu obxecto será a inscrición de cantos traballos e actividades obteñan o recoñecemento oficial de actividades artesás.

2. Talleres artesás.—O seu obxecto será a inscrición de tódalas unidades económicas que soliciten e obtiven a cualificación de taller artesán.

3. Artesáns e mestres artesáns.—O seu obxecto será a inscrición dos que obteñan e acrediten o recoñecemento de tal condición.

### Capítulo III

#### Regulación do sector

#### Artigo oitavo

A Consellería competente, logo de proposta da Comisión Galega da Artesanía, dictará as normas precisas para acreditar a calidade dos produtos artesáns e creará distintivos e outorgará certificacións de calidade para a súa identificación no mercado.

**Artigo noveno**

Aquelas comarcas ou áreas xeográficas que se distinguen pola súa actividade artesanal e por un produto homoxéneo poderán ser declaradas zonas de interese artesanal, o que permitirá utilizar, na forma que regulamentariamente se determine, un distintivo da súa identidade de procedencia xeográfica, creado para o efecto.

A declaración e regulación das zonas de interese xeográfico correspondentes efectuaráase a Consellería competente, oída a Comisión Galega da Artesanía.

**Artigo décimo**

O recoñecemento por parte da Administración autonómica da condición de taller artesán acredítase mediante a posesión do documento de cualificación expedido pola Consellería competente, por instancia do interesado cos requisitos que regulamentariamente se establezan.

**Artigo décimo primeiro**

A carta de artesán ou mestre artesán expediráase a Consellería competente, que, logo de proposta da Comisión Galega da Artesanía establecida por esta lei, determinará regulamentariamente as condicións e os requisitos necesarios para o seu outorgamento.

**Capítulo IV****Do Centro Galego da Artesanía e do Deseño****Artigo décimo segundo**

Crearase o Centro Galego da Artesanía e do Deseño, coa estrutura e funcións que regulamentariamente se determinen.

O obxectivo fundamental deste Centro será dota-lo sector artesán galego dos profesionais e técnicos que necesite, mediante unha formación profesional non regrada e de carácter práctico, oído o Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais.

**Disposición adicional**

Seralles outorgado carácter preferencial, para os beneficios que en aplicación desta lei se poidan establecer, a aqueles emigrantes retornados que teñan por actividade a artesanía.

**Disposición transitoria**

Mentres non se leve a cabo o desenvolvemento regulamentario da presente lei, as unidades de produción artesá e os artesáns xa existentes terán acceso ós beneficios que a Administración autonómica estableza.

**Disposición derradeira**

A Xunta de Galicia, no prazo de un ano, dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente lei.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 1992.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

*Lei 2/1992, do 17 de marzo, de concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma, modificación do incremento retributivo previsto na Lei 15/1991, do 28 de decembro, e sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de dous mil trescentos oitenta millóns de pesetas (2.380.000.000 de ptas.), ó vixente presuposto de gastos para facer efectivas as ditas medidas.*

A Lei 31/1991, do 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 1992, na súa disposición adicional trixésima, establece o aboamento dunha paga de compensación pola desviación entre o índice de precios ó consumo previsto e o rexistrado no ano 1991, de acordo coa taxa interanual de novembro de 1991 sobre o mesmo mes do ano 1990, así como a revisión das bases para o cálculo do índice previsto para 1991 como consecuencia da dita desviación.

En consideración a que os presupostos xerais desta Comunidade Autónoma para 1992 foron presentados no Parlamento de Galicia antes de coñecerse o índice de precios ó consumo rexistrado en Galicia, e a que incluso a súa publicación tivo lugar con data posterior ó termo do período de presentación de emendas ó citado documento, e conforme ó pacto coas centrais sindicais, non puideron facerse no mesmo as previsións precisas para atender os gastos referidos no parágrafo anterior; por este motivo, ó igual ca en exercicios anteriores, procede a concesión dun crédito extraordinario para satisfacer os mencionados incrementos retributivos ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º 2, do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei de concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma, modificación e incremento retributivo previsto na Lei 1/1991, do 28 de decembro, e sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de dous mil trescentos oitenta millóns de pesetas (2.380.000.000 de ptas.), ó vixente presuposto de gastos, para facer efectivas as ditas medidas.

**Artigo 1**

Un.—Ó persoal ó que se refire o título II da Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1991, que estivese en servizo activo durante 1991 aboaráselle, para compensala perda do poder adquisitivo en Galicia, unha paga equivalente ó 1,0476% das súas retribucións polos seguintes conceptos:

a) Persoal ó servizo da Administración pública non sometido á lexislación laboral: